

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	05 de abril de 2023
Duración	Dende as 13:50 ata as 14:03 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



Expediente 940/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Substitución da cuberta do Acuartelamento da Garda Civil de Silleda.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- * Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- * Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- * Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- * Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- * Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- * Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- * Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- * Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente solicitude de licenza asinada por **Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado**, con rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RC-2680 de 15 de xuño de 2022.

Aportase unha copia de proxecto en formato dixital asinado por Alfredo Díaz Grande, Arquitecto Colexiado 808.

Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, xustificante de pagamento de taxas municipais.

2º.- Consta no expediente informe de Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 15/12/2022, no que se advirten unha serie de deficiencias na documentación. O informe do Arquitecto recolle o seguinte:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presenta certas eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra, en concreto os puntos que se sinalan a continuación:

Deberanse aportar os seguintes documentos:

- Proxecto básico e de execución visado (RD 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio) ou ben informe da Oficina de Supervisión de Proxectos ou a aprobación técnica da Entidade correspondente (art. 47 do RD 2187/1978).

- Memoria urbanística consonte ao art. 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na que se sinala a correcta clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación (solo rústico de protección ordinaria).

- Oficios de dirección, de dirección de execución e coordinación en materia de seguridade e saúde.



- Autorizacións sectoriais:

Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades do elemento catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016 (GA36052037 (Mámoa de Silleda), segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catálogos" do RLSG.

Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (RD 763/2017 Servidume de aproximación ao Aeroporto de Santiago de Compostela Rosalía de Castro)".

3º.- Consta no expediente requirimento do 15/12/2022 para a emenda da documentación presentada.

4º.- O día 2 de xaneiro de 2023, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RC-1, é aportada contestación ao requirimento, informe favorable da oficina de supervisión de proxectos, acordo polo que se aproba o plan de actuación en infraestruturas da Secretaría de Estado de Seguridade, das direccións xerais da Policía e da Garda Civil, e do organismo autónomo Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado, memoria urbanística e alta de presolicitude ante AESA.

5º.- Consta no expediente informe técnico asinado o 04/01/2023 polo arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, no que se fan constar unha serie de eivas que o interesado ten que emendar:

- Preséntase memoria urbanística sen asinar. A mencionada memoria forma parte do proxecto de execución (art. 353.2-d do RLSG), polo que deberá estar asinada por técnico competente e visada (RD 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio) ou ben estar informada pola Oficina de Supervisión de Proxectos ou contar coa aprobación técnica da Entidade correspondente (art. 47 do RD 2187/1978).

- No nomeada memoria xustifícase a intervención segundo o Plan Xeral aprobado definitivamente (orde do 23 de decembro de 2022) pero aínda non en vigor. Deberase por tanto xustificar consonte ao planeamento aprobado o 4 de xuño de 1981 (puntos N.15.1 e N.15.5 da normativa de aplicación deste informe).

-Por outra parte, a ubicación do edificio sobre o que se pretende intervir non é correcta na memoria urbanística presentada.

Este informe técnico de deficiencias remítese con rexistro de saída 2023-S-RE-38 (rexeitado) e 2023-S-RC-66 de 17 de xaneiro de 2023.

6º.- Con rexistro de entrada 2023-E-RC-470 de 31 de xaneiro de 2023 apórtase contestación ao requirimento e anexo urbanística.

7º.- Consta no expediente que o 2 de marzo de 2023 recíbese da AESA a autorización pertinente (rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RC-919).

8º.- Consta **informe favorable** do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 10/03/2023.

O informe favorable do Arquitecto municipal recolle o seguinte:

"Á vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe



redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da LSG e 354.3 do RLSG: “Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística”, informe técnico este no que se verifican as condición urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

10. Polo que se extrae da memoria preténdese o cambio da cuberta e sistema de recollida de augas pluviais:

Las obras objeto del presente proyecto afectan únicamente a la cubierta del edificio y sus elementos complementarios (bajantes, canalones etc), tanto de los bloques edificados como del patio central, sin intervenir en ningún otro elemento del edificio.

La superficie en planta de la cubierta de cada uno de los bloques es de 200 m², lo que supone un total de 400 m² de superficie.

La superficie en planta del patio central es de 128 m².

El total de superficie de intervención es de 528 m².

10.1.1 Non se incrementa a superficie construída actual.

11. O solo no que se pretende a licenza municipal de obra está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto N.15.13 deste informe, o ámbito onde se pretende a **Substitución da cuberta do Acuartelamento da Garda Civil de Silleda**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 7**.

11.1 O actual Plan Xeral do Concello de Silleda clasifica este ámbito como solo urbanizable non programado residencial. En aplicación da DT 1^a da LSG “Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

12. A edificación atópase no ámbito de protección do elemento GA36052037 (Mámoa de Silleda) sinalado no Plan Básico Autonómico e no Plan Xeral de Ordenación Municipal sinalado no punto N.15.13 da normativa de aplicación deste informe, ficha que se xuntan como anexo; e polo tanto deberase solicitar informe á Consellería competente en materia de Cultura segundo o Artigo 198. Alcance dos catálogos do RLSG: “(...) 2. A aprobación inicial dos catálogos urbanísticos determinará, en relación cos bens e demais elementos que sexan obxecto de catalogación, a necesidade de sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de títulos habilitantes de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento.”

Ficha: 30.54; Elemento: Mámoa de Silleda; Nivel de protección: Grao I

13. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, recolle para este ámbito as seguintes afeccións:



Afección: Patrimonio Cultural; Figura: GA36052037

Afección: Seguridade Aérea; Figura: RD 763/2017 Servidume de aproximación ao Aeroporto de Santiago de Compostela Rosalía de Castro

14. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. CUMPRE

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine. NON PROCEDE

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona. NON PROCEDE

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. NON PROCEDE

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos. NON PROCEDE

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen. As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións exixibles serán determinadas no planeamento respectivo. NON PROCEDE

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.



Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.
NON PROCEDE.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

– As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

NON PROCEDE

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas, nos termos que se determinen regulamentariamente. NON PROCEDE

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda



máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta Lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

NON PROCEDE

NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. NON PROCEDE

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto. NON PROCEDE

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. NON PROCEDE

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados. NON PROCEDE

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións. NON PROCEDE

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes. NON PROCEDE

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e). NON PROCEDE



2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable. **NON PROCEDE**

15. As obras solicitadas encadran como obras de conservación necesarias para o mantemento do uso preexistente, ao abeiro do artigo 135 da LSG e o 332 do RLSG.

16. O proxecto presentado non modifica os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

17. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

18. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

19. Non é obxecto do proxecto a instalación de puntos de consumo de auga, polo que non se precisa autorización de pozo nin tratamento de augas residuais.

20. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

21. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

21.1 Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades do elemento catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016 (GA36052037 (Mámoa de Silleda), segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catálogos" do RLSG.

21.1.1 En aclaración presentada con rexistro de entrada 2023-E-RC-1 aclárase que non se levarán a cabo obras no subsolo, polo que consideramos non necesaria esta autorización.

21.2 Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro.

21.2.1 Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código2 AESASRVAISA000GC2C9RSKT0L0ODA

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe".

9º- Consta informe xurídico con data 05/04/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- LICENZAS URBANÍSTICAS



Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se



establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.



Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

- 1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.
- 2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.
- 3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.
- 4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.



QUINTO.- NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.
- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que: ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
- c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.
- d) As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
- f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Estas normas segundo o disposto no artigo 216 RLSG deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de plan urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas determinacións.

SEXTO.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

O Concello de Silleda conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma.

No informe do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 10/03/2023, establécese que o solo no que se pretende a licenza municipal de obra está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto N.15.13 do informe, o ámbito onde se pretende a Substitución da cuberta do Acuartelamento da Garda Civil de Silleda, está clasificado como solo urbano, Ordenanza 7.



O actual Plan Xeral do Concello de Silleda clasifica este ámbito como solo urbanizable non programado residencial. En aplicación da DT 1ª da LSG "Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder á Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado a licenza urbanística solicitada para a SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO ACUARTELAMENTO DA GARDA CIVIL DE SILLEDA, sita na Avenida do Parque, nº 69, Silleda (Referencia Catastral 000204300NH62E0001FD), de acordo co proxecto Básico e de Execución, asinado por Don Alfredo Díaz Grande, Arquitecto Colexiado 808.

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 558/2023. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. SELECCIÓN DE 2 PERSOAS PARA O ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS PARA O ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a autorización para a contratación anticipada concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro e de conformidade co establecido na ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G).

• Obra ou servizo subvencionado: ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS

• Importe total da subvención solicitada: 31.366,44€

Ocupación: peón limpeza forestal

Duración do contrato: 9 meses a xornada completa

Grupo de Cotización: 10

Modalidade contratual: interese social



Vista a necesidade de contratar a 2 persoas para o ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA**:

Primeiro: Proceder á convocatoria e aprobación das Bases que a continuación se transcriben, para a selección de 2 persoas para o acondicionamento, limpeza e atención dos espazos naturais forestais e históricos para o ano 2023, a xornada completa, mediante a modalidade de contrato de mellora da ocupabilidade e inserción laboral:

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2023.

1.- OBXECTO

É obxecto destas bases, regular o procedemento para selección de persoas traballadoras desempregadas para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme á ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G).

O número de persoas traballadoras desempregadas a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras ou servizo composto por 2 peóns Forestais.

TOTAL: 2 traballadores/as por un período de 9 meses a xornada completa.

TIPO DE CONTRATO : contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (contrato de traballo temporal con cláusulas específicas de traballos de interese social)

Data de inicio prevista 1 de xuño de 2023. Data de remate 27 de febreiro de 2023

Salario bruto (base cotización): 1.237,92 €/mes

Grupo de Cotización: 10

As características do posto de traballo consistirán en realizar tarefas propias da súa categoría relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

2.1 Para optar ás prazas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos



Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable

e) Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable.

f) Non ter sido contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

3.- PARTICIPACIÓN

De acordo co estipulado na Orde reguladora pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G) a convocatoria realizarase a partir da OFERTA DE EMPREGO ENTRE AS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Aquelas persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello na data indicada na carta que lles enviará o antedito Servizo e achegarán a documentación que se especifica nas presentes Bases, no prazo de dous días hábiles dende a data de presentación.

5.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- a) Solicitude de participación anexas ás Bases
- b) Fotocopia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d) Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- e) Declaracións responsables ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello as listaxes de persoas admitidas e excluídas coa motivación da exclusión, elevándose á definitiva a listaxe provisional de admitidas de non existir excluídos e outorgarase un dous días hábiles ás persoas excluídas para que no seu caso presenten alegacións. Tras a listaxe provisional elevada a definitiva ou a listaxe definitiva de admitidos/as, procederase a determinar o día



e hora en que se reunirá o Tribunal cualificador para a realización da proba práctica e a valoración dos méritos das persoas aspirantes admitidas e citarase aos/as aspirantes para a proba práctica (Esta citación non será persoal, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na súa Sede Electrónica).

6. - PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello, e na súa sede electrónica. Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial e na sede electrónica.

7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comisión designada para a selección deste persoal, titulares e suplentes, estará composta, de acordo ao artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

1.- Composición do Tribunal : a efectos de facilitar a selección das persoas traballadoras constituirase o Tribunal de selección no Concello, formado da seguinte maneira:

Titulares:

Presidente: Leopoldo Moure Dopico (Interventor Municipal)
1º Vogal: Felisa Borrajo Nieto, funcionaria municipal
2ºVogal: Maria Jesús Limia Sánchez, funcionaria municipal
3ºVogal: Francisco Javier Gómez Rey, funcionario municipal
Secretario/a: David García Lareo, funcionario municipal

Suplentes:

Suplente do Presidente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez , funcionario municipal
Suplente do 1º Vogal: Mª Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal
Suplente do 2ºVogal: Rosa García Fernández, funcionaria municipal
Suplente do 3ºVogal: Susana Framiñan Ramos, funcionaria municipal
Suplente do Secretario/a: Julio Méndez Castro

2.- Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal absterase de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal, de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

3.- Constitución e actuación

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo.

A actuación do Tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.



O Tribunal valorará en primeiro lugar a proba práctica e unha vez valorada esta procederase á valoración dos méritos da fase de concurso presentados polas persoas aspirantes.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para valorar os méritos aportados polas persoas participantes que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

4. Vinculación das resolución do Tribunal.

O presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

De conformidade co Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se producise a renuncia da persoa aspirante seleccionada, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso-oposición cun máximo de 16 puntos

8.1. A fase de oposición constará de un (1) exercicio práctico

PROBA . De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica, que incluírá manexo de ferramentas coma desbrozadora manual, soprador, corta cespede para poder valorar as habilidades na realización das funcións propias de peón forestal, (abrir e manter camiños forestais, desbrozar, aclarar, nivelar, podar e eliminar residuos, entre outras)

O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.

A proba cualificarase como apto/a ou non apto/a

A data e lugar de realización das probas será publicada no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello

2. As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será a alfabética e o Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que



acrediten a súa identidade.

3. Finalizado o exercicio, o Tribunal fará pública a lista provisional de aspirantes declarados/as aptos/as ou non aptos/as a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

Transcorridos 3 días hábiles e de non ter alegacións á antedita lista provisional elevarase a definitiva e procederase á baremación da fase de concurso.

8.2. Fase de Concurso, max 10 puntos

Entrevista Curricular. Valorarase ata un máximo de 4 puntos (4,00 puntos).

Nesta fase o Tribunal valorará, a través de preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, da maneira máis operativa e obxectiva posible, entre outros, os seguintes aspectos: aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir.

Valoración da formación. Valorarase ata un máximo de 6 puntos

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polas persoas solicitantes no momento de presentación da instancia para participar neste proceso selectivo.

Puntuarase de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de seis puntos. (6,00 puntos).

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 1,6 puntos:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Esta condición valorarase mediante informe dos Servizos Sociais do concello ao que pertenza a candidata (0,20 puntos)

Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. (0,20 puntos)

Persoas paradas de longa duración. (0,20puntos).

Persoas con discapacidade.(0,20 puntos).

Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. (0,20 puntos).

Persoas desempregadas maiores de 45 anos. (0,20 puntos).

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, (0,20 puntos).

Persoas candidatas con existencia de cargas familiares.(0,20)

2.- Por estar en posesión dun CICLO FORMATIVO da familia Agraria: 1,40 puntos

3.- Participación en cursos ou xornadas, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta (Máximo de 3,00 puntos).



Cursos de máis de 51 horas.....0,50 puntos/curso
Cursos de entre 21-50 horas.....0,20 puntos/curso
Cursos de menos de 20 horas.....0,10 puntos/curso

A formación das persoas traballadoras acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No caso de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

9.- LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

A puntuación definitiva e a orde de cualificación estarán determinados pola suma de puntuacións obtidas a tenor das bases.

1. Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso.

2. As persoas candidatas que non superaron a fase de oposición disporán dun prazo de 3 días hábiles para formular as reclamacións que consideren oportunas a calificación de apto/a ou non apto/a

Transcorrido o dito prazo publicarase a relación definitiva de aspirantes que superaron dita fase de selección, e o listado provisional da baremación de méritos, xunto coa cualificación final do proceso selectivo. Transcorridos 3 días hábiles, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas á baremación de méritos, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a Acta final de selección.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme

1º Maior puntuación na valoración de méritos da fase de concurso.

2º Alfabéticamente por aquelas persoas cuxo apelido comeza pola letra «U», de conformidade co previsto na Resolución de 9 de maio de 2022, da Secretaría de Estado da Función Pública (BOE del 13).

3º No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

Finalizado o proceso selectivo, remitirase acta da última sesión ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento, sendo propostos/as os/as candidatos/as que obteñan maior puntuación. A listaxe das persoas seleccionadas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica do Concello.

Así mesmo publicarase a proposta de integración en Bolsa de Reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgunha das persoas contratadas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

Non se poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes



superior ao das prazas convocadas.

10.- CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

10.1.- As persoas seleccionadas deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

-Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das función públicas.

-Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.

-Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.

- Certificación bancaria do número de conta corrente, para realizar o ingreso da nómina.

- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

10.2.-As persoas que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeadas e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

11.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal e clasificado no grupo que corresponda.

12.- NORMA FINAL

12.1.- O só feito de presentar instancia coa que solicita participar na convocatoria constitúe sometemento expreso das persoas aspirantes ás bases reguladoras dela, que ten consideración de norma reguladora da convocatoria.

12.2.- Esta convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos, termos e na forma que dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

12.3.- O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento desta convocatoria.

12.4.- Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ás persoas aspirantes que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan nestas bases, realizaranse unicamente por medio do Taboleiro de Edictos do Concello.

13 .- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

14.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

14.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

14.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun "Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda" ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

14.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

14.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>,



para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

14.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

14.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo

15.- RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELLO DE SILLED A E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2023.

Posto ao que opta: PEÓN FORESTAL

D./Dna. _____, con D.N.I. nº _____,
_____, e domicilio a efectos de notificacións en _____
_____, C.P. _____, teléfono de contacto _____

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa participar



na selección para a realización da obra ou servizo denominado ACONDICIONAMENTO E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS 2023 con cargo ao Concello de Silleda e aos Plans de de Fomento de Emprego no Medio Rural da Xunta de Galicia .

Para ese efecto faise constar:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que aporta a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- Declaracións responsables ás que se refiren as presentes bases.

SOLICITA:

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata íntegramente o contido das bases.

Silleda, ____ de _____ de 2023.

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D^o./D^a _____, con D.N.I. nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____

EXPÓN:

Que participa na convocatoria "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS" Ano 2023,

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARA EXPRESAMENTE:

1º.- Ser desempleado/a, inscrito/a no Servicio Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego e que reúne os requisitos establecidos nas Bases



establecidas no DOGA pola que se establecen as Bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprot rural).

2.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función na praza a que opta.

3º.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

4º.- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao nomeamento de toma de posesión.

Silleda, a ____ de _____ de 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

